



## O Parlamento de Galicia acolle este martes unha xornada de animación á doazón de sangue

- Unha unidade móbil do Centro de Transfusión atenderá aos doadores coincidindo coa primeira xornada do Pleno

**Santiago, 11 de marzo de 2013.-** O Parlamento de Galicia acollerá mañá, martes, unha nova xornada de animación á doazón de sangue nas súas dependencias.

Unha unidade móbil do Centro de Transfusión de Galicia desprazarase á Cámara galega coincidindo coa primeira xornada do Pleno do Parlamento que se iniciará o 12 de marzo, para recoller doazóns de sangue de deputados, xornalistas e persoal da institución entre as 09,30 e as 15,00 horas.

Cada día, moitas persoas nos hospitais de Galicia precisan recibir unha transfusión dalgún componente sanguíneo porque son sometidas a intervencións cirúrxicas ou transplantes de órganos, tiveron un accidente de tráfico, padecen cancro, etc.

Para poder atender as necesidades de compoñentes sanguíneos dos hospitais, en Galicia precísanse obter 500 doazóns de sangue todos os días do ano, ademais son precisas doazóns de todos os grupos sanguíneos.

Neste ano 2013, en Galicia precisaranse obter 121.000 doazóns de sangue para garantir a axeitada cobertura das necesidades hemoterápicas dos hospitais da Comunidade Autónoma.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.